

Informe técnico sobre as proposicións presentadas polas empresas concorrentes á contratación administrativa para a subministración e instalación de material audiovisual para a Administración do Parlamento de Galicia mediante procedemento aberto

Con data de 10 de decembro de 2015 procedeuse á apertura do sobre B. Nesta licitación a única empresa presentada é a seguinte:

- Spica, S.L.

Analizada a documentación do sobre B, referente a criterios non avaliados matematicamente, procédese a elaboración deste informe no que se detallan, a modo de resumo os criterios avaliados e as melloras ofertadas.

A base decimosexta do prego de cláusulas administrativas establece os seguintes criterios para a valoración das proposicións:

I.- Criterios cuxa cuantificación dependen de xuízos de valor: Valor técnico da oferta: de 0 a 49 puntos

- a) Redundancia: de 0 a 25 puntos. O licitador describirá detalladamente os elementos e procedementos que ofrece para a redundancia do sistema, especificando os tempos previstos para a recuperación do mesmo en caso de fallo, por cada un, de ser o caso, dos sistemas de redundancia que presente.
- b) Solución técnica relativa á renovación, instalación e deseño do oco de cada un dos tipos de escano (presidenta, deputado e letrado). de 0 a 8 puntos.
- c) Plan de instalación: de 0 a 16 puntos
 1. Diagrama de instalación: de 0 a 10 puntos. Valorarase o esquema de interconexión dos escanos, que deberá permitir unha doada trazabilidade, e a inmediata localización e actuación nas conexións e equipamentos en caso de avaría ou calquera outra incidencia.

2. Planificación da instalación: de 0 a 6 puntos. Valorarase o plan de traballo e actuación para a instalación da subministración, que deberá permitir cumprir cos prazos de entrega establecidos no apartado 18; deberase detallar fases (desde o aprovisionamento de material ata a posta en marcha e recepción polo Parlamento), cronograma e tempos estimados de cada unha das fases, e recursos materiais e humanos dedicados.

O resumo da oferta para cada un dos aspectos valorables tecnicamente é o seguinte:

- a) Redundancia: de 0 a 25 puntos. O licitador describirá detalladamente os elementos e procedementos que ofrece para a redundancia do sistema, especificando os tempos previstos para a recuperación do mesmo en caso de fallo, por cada un, de ser o caso, dos sistemas de redundancia que presente.

Redundancia da unidade central (DCN-CCU) 3 minutos:

Inclúese una segunda unidade de respaldo DNC-CCU, solicitada no ppt e preconnectada para a súa substitución e tempo de para en quente, sexa o mínimo posible, estimado entre 3 e 5 minutos. Faise necesario o reinicio do servizo no servidor de votacións Séneca.

Redundancia fronte á caída da fonte de alimentación (DCN-EPS) 3 minutos:

A maiores inclúese, e non solicitado como requisito no PPT unha segunda unidade de DCN-EPS, a cal é unha fonte de alimentación e rexeneradora da sinal para os tres ramais do bus que reparten o servizo aos escanos no hemicycle. O tempo de reconfiguración e posta en servizo estímase en 3 minutos. Implica a entrada no salón de plenos.

Redundancia fronte a caída de un dos postos de deputado mediante (Splitters) inmediato:

Solicítanse 27 unidades de derivación para evitar ante a caída dun posto de deputado, que o resto dos postos seguintes, e conectados en serie non queden sen servizo. Subministrase unha unidade a maiores para ter redundancia deste material.

Redundancia fronte a caída da mesa de audio 3 minutos:

Dado que a sinal do DCN ven replicada ao patch de audio do armario antes de acceder á propia mesa, en caso de caída desta pódese reconectar cableando no patch do DCN. Isto implicaría a perda dos micros de atril, para evitar este problema realizárase unha conexión directa destes micros de atril ao DCN.

Redundancia fronte a caída dos micros de atril de orador 2 minutos:

Instalárase no atril unha conexión de respaldo a unha DDI do bus do DCN, na cal pódese conectar un micro de deputado na súa versión corta que poderá activarse con acceso directo desde o panel de control da Presidencia.

- b) Solución técnica relativa á renovación, instalación e deseño do oco de cada un dos tipos de escano (presidenta, deputado e letrado). de 0 a 8 puntos.

Presentación dun modelo tipo de cada un dos tipos de escano, detallando e poñendo un exemplo de instalación similar dos mesmos. Quedando a disposición do Parlamento a elección do lacado e cor dos mesmos.

- c) Plan de instalación: de 0 a 16 puntos

1. Diagrama de instalación: de 0 a 10 puntos. Valorárase o esquema de interconexión dos escanos, que deberá permitir unha doada trazabilidade, e a inmediata localización e actuación nas conexións e equipamentos en caso de avaría ou calquera outra incidencia.

Presenta planos de detalle da instalación e conexión de tódolos equipos integrantes da súa solución. Isto facilita o seguimento ante calquera avaría que se poida producir no sistema.

2. Planificación da instalación: de 0 a 6 puntos. Valorárase o plan de traballo e actuación para a instalación da subministración, que deberá permitir cumprir cos prazos de entrega establecidos no apartado 18; deberase detallar fases (desde o aprovisionamento de material ata a posta en marcha e recepción polo Parlamento), cronograma e tempos estimados de cada unha das fases, e recursos materiais e humanos dedicados.

O licitador presenta plan detallado co persoal asignado e as tarefas a realizar, e cronograma anexo co detalle.

Así mesmo, especifica os temas de formación, e a documentación a entregar da instalación e xestión dos equipos.

Revisados todos os anteriores puntos, e comprobado que cumpre sobradamente cos mínimos esixidos no PPT, este servizo valora positivamente a documentación presentada polo licitador Spica, S.L. no seu sobre B cos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor da contratación administrativa para a **subministración e instalación de material audiovisual para a Administración do Parlamento de Galicia mediante procedemento aberto.**

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2015

Xefe do Servizo de Tecnoloxías da Información

Pedro Vila López